

## NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

QUINTANA é unha revista de Historia da Arte, cunha periodicidade anual, que publica traballos orixinais de investigación sobre calquera das especialidades relativas ao campo das Artes, sen desbotar as aproximacións interdisciplinarias que enriquezan o seu estudio.

A publicación dos traballos de investigación se estrutura en dúas seccións: a primeira -TEMA- ten un carácter monográfico e o seu contido é planificado de antemán polo Comité de Redacción, invitando a sobranceiros especialistas no tema escollido, mentras que a segunda -COLABORACIÓN- está aberta a aportacións de temática libre.

Os traballos presentados á sección de COLABORACIÓN someteráanse a avaliación empregando un sistema de revisión externa baseado no dobre anonimato. A revista empregará dous revisores, membros do Comité Científico, para avaliar cada artigo recibido, acudindo a un tercer revisor en caso de discrepancia. Os artigos finalmente publicados incluírán as datas de recepción, revisión e aceptación. A responsabilidade final do proceso de selección de orixinais recaerá na Dirección da revista e no seu Comité de Redacción, comunicando aos autores as decisións editoriais adoptadas.

Os traballos deben ser inéditos e poderán ser escritos en galego, castelán, portugués, catalán, francés, italiano ou inglés. A extensión máxima será de 15 páxinas, a espazo e medio e por unha soa cara, en papel de formato DIN-A4. O título do traballo, o texto, as notas a rodapé e a bibliografía escribiranse cunha letra de corpo 12; as citas longas escribiranse cunha letra de corpo 10 nun parágrafo á parte e cun sangrado pola esquerda.

Os traballos deberán ir encabezados do seguinte modo:

- título do artigo: centrado, con maiúscula negra de corpo 12.
- nome e apelidos do autor: debaixo do título, centrado, con minúscula fina de corpo 10.
- universidade (ou centro) ao que pertence o autor: debaixo do nome, centrado, con maiúscula fina de corpo 10.
- breve resumo do artigo en castelán: de extensión non superior a 150 palabras.
- palabras clave do artigo en castelán, cinco como máximo.
- traducción do resumo ao inglés (*abstract*).
- traducción das palabras clave ao inglés (*keywords*).

As notas presentaranse ao final do texto, numeradas correlativamente e dentro dun único arquivo electrónico. As chamadas das notas dentro do texto realizaranse en superíndice. Con independencia do sistema de notas empregado, este sempre deberá ser claro, coherente e sistemático.

A sangría da primeira liña dos parágrafos, tanto no texto como nas notas, farase coa opción específica do menú formato ou deseño de parágrafo.

Os mapas, gráficos, debuxos, planos (sen enmarcar) e fotografías irán numerados consecutivamente en caracteres arábigos (como: Fig. 1, Fig. 2, etc.). Os pés correspondentes deben ser o máis completos posible (autor, obra, localización, cronoloxía e copyright se fora necesario). Os debuxos realizaranse sobre papel branco de boa calidade. As fotografías presentaranse en papel con brillo e bo contraste, en forma de diapositiva ou nun CD-ROM (en formato TIFF ou JPEG cunha resolución mínima de 300 puntos por polgada). En cada artigo poderán incluírse ata 15 figuras.

De cada traballo presentarase unha copia impresa e unha en disquete ou CD, nestes rotularase o nome do autor, o título completo do traballo, o procesador de textos utilizado e a súa versión. Ademais, en arquivos á parte e tamén impresos, engadirase:

- unha relación das figuras numerada correlativamente e cos pés correspondentes.
- enderezo do autor, teléfono de contacto e breve *curriculum*, dunhas 10 liñas aproximadamente, no que tamén constará a súa titulación, a universidade ou centro ó que pertence, o cargo que desempeña, as súas principais publicacións e as súas liñas de investigación.

Os editores resérvanse o dereito de facer leves alteracións nos traballos recibidos coa única finalidade de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos. Se as modificacións necesarias fosen considerables, consultarase ao autor para pedirlle a súa aprobación para tal efecto. Os editores tamén se reservan a non publicación das figuras que carezan da calidade suficiente.

As probas de imprenta serán revisadas polos autores, os cales efectuarán os cambios mínimos necesarios, corrixirán os erros de impresión e devolveranas nun prazo dunha semana a partir da data de recepción. O atraso na devolución das probas implicará a publicación sen as correccións do autor.

Os orixinais enviaranse ao seguinte enderezo:

**QUINTANA**

Facultade de Xeografía e Historia

Departamento de Historia da Arte

Universidade de Santiago de Compostela

15782 Santiago de Compostela

E-mail: quintana@usc.es